

Á FEGAMP

Alegacións ao Modelo de informe sociosanitario e fluxograma para o procedemento de apoio a persoas con discapacidade

D/Dna. _____ con
DNI _____ e número de colexiado/a _____, Traballador/a
Social dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de

EXPÓN

1. Que tiveren coñecemento a través do meu enderezo electrónico de traballo da consulta por parte da FEGAMP sobre alegacións a un modelo de “Informe Socio-sanitario” e fluxograma para o procedemento de apoio a persoas con discapacidade regulado na *Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica*.
2. Que se informa nesta comunicación que dito modelo de informe e fluxograma ten orixe en xuntanzas con diferentes departamentos da Xunta de Galicia e coa Fiscalía Superior de Xustiza co obxectivo de definir un modelo único de informe.

SOLICITO

Que sexan tidas en conta as seguintes alegacións:

1. A Lei 8/2021 establece a obrigatoriedade de que sexan recabados os **ditames periciais** necesarios e especializados **dos ámbitos social e sanitario** para acreditar a necesidade da adopción das medidas de apoio.
2. O instrumento propio e exclusivo do Traballo Social é o **informe social**.
3. Nas xuntanzas que se refiren non se observa a **participación directa e dende a base** dos/as traballadores/as sociais, sendo responsabilidade inherente destes/as por ser os/as profesionais que o van executar e por ser coñecedores/as directos da realidade e das necesidades do colectivo e das persoas usuarias.
4. O modelo de informe sociosanitario que se propón **carece de base científica e metodolóxica e presenta eivas graves** ao deixar sen cobertura os campos a recoller que requiren unha valoración sobre o tipo de apoios ou sobre a asistencia que resulte adecuada en cada caso concreto para a persoa con discapacidade, así como sobre a súa familia.

5. É fundamental e imprescindible para a elaboración e aplicación práctica dun modelo de informe social con esta repercusión e importancia que se conte coa propia profesión dun **xeito cohesionado e dende a súa orixe.**
6. Para a elaboración do fluxograma é necesario coñecer as realidades do funcionamento dos diferentes sistemas implicados neste procedemento e os recursos existentes (Servizos Sociais, Saúde e Xustiza), así como a súa coordinación, sendo preciso o análise e estudo previo entre todas as partes para **unha implementación lóxica, clara, áxil e non improvisada, sendo previsible no momento actual que non poda dar resposta ás necesidades das persoas con discapacidade nin á práctica coordinada entre profesionais.**

En _____, a ____ de _____ de 2022
